

44 ■ SOCIEDAD

Cesáreo Sánchez continúa como presidente dos Escritores en Lingua Galega

Mariví Villaverde será galardonada co premio "Bós e xenerosos"

REDACCIÓN ■ Vigo

Cesáreo Sánchez continuará á fronte da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) unha vez aprobada a proposta de renovación da xunta directiva na súa Asemblea Anual de Socios e Socias, celebrada onte e na que se acordou, entre outras cuestións, o programa de actividades para o 2009. Antía Otero é a vicepresidenta.

Entre esas actividades cabe salientar a concesión do premio "Bós e xenerosos" a Mariví Villaver-

de, e da Letra "E" a Agustín Fernández Paz. Ademais, a asociación declarou "Escritora galega universal" á mexicana Elena Poniatowska. Como novidade, este ano nomearase igualmente "Escritor galego universal" a un escritor procedente do ámbito literario da lusofanía, recaendo nesta primeira ocasión no escritor angoleño José Luandino Vieira.

Estes premios entregaranse na Cea das Letras conxuntamente cos Premios AELG. No transcurso da Cea das Letras recoñecerase a mellor obra publicada no 2008 en

cadanseu xénero: Ensaio, Literatura Infantil e Xuvenil, Poesía, Narrativa, Tradución, Teatro e Traxectoria Xornalística. Como novidade, engádese o Premio ao mellor Blog literario.

Igualmente na Cea das Letras entregarase o premio á Institución que destacou durante o ano no seu labor cultural, concedéndose nesta ocasión á Sección de Literatura do Liceo de Ourense, personificada na figura de Marcos Valcárcel. AELG organizará obradoiros literarios ao longo do ano, en institutos, colexios e museos.